



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Sada para o ano 2025

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 6 de novembro acordou convocar a subvención dirixida a entidades deportivas do Concello de Sada para o ano 2025, que se rexerán polas bases reguladoras aprobadas na mesma sesión, co texto que segue:

SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2025

Índice

1. Obxecto, finalidade, financiamento e contía
2. Réxime xurídico
3. Solicitantes e requisitos
4. Condicións e obrigas
5. Criterios de baremación e determinación das contías
6. Prazo e forma de presentación das solicitudes
7. Documentación a presentar coa solicitude
8. Procedemento de instrución
9. Prazo de xustificación dos gastos e da publicidade
10. Documentación xustificativa dos gastos
11. Publicidade
12. Gastos subvencionables
13. Comisión de valoración
14. Pagamento

1. OBXECTO, FINALIDADE, FINANCIAMENTO E CONTÍA

Estas bases regulan especificamente a concesión de subvencións para o ano 2025, en réxime de concorrência competitiva, destinadas ás entidades deportivas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, co fin de apoiar o desenvolvemento de actividades de promoción deportiva e competición durante a tempada subvencionable, consonte a liña estratéxica 4.2 do Plan Estratéxico de Subvencións municipais para o período 2024-2026.

A finalidade desta subvención é a de apoiar ás entidades deportivas na promoción da práctica deportiva en xeral e no fomento da participación activa en actividades físicas e deportivas entre a poboación sadense, así como facilitar a participación destas entidades no ámbito da competición deportiva, impulsando a oferta de actividades no termo municipal.

Con esta subvención o Concello de Sada ten como obxectivos:

- Promover entre a veciñanza a práctica da actividade física e o deporte como hábito de vida e de ocio saudable.
- Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais.
- Fomentar a práctica deportiva federada e aumentar o número de participantes nos clubs deportivos municipais.
- Impulsar actividades deportivas federadas, o deporte de base e o deporte inclusivo e accesible.

Destinaranse 80.000€ ás subvencións para entidades deportivas, con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000.

O período para realizar actividades subvencionables é do 1 de setembro de 2024 ao 1 de setembro de 2025.

A contía das axudas nunca será superior ao gasto xustificado.

2.- RÉXIME XURÍDICO.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do orzamento.
- Ordenanza municipal de administración electrónica.
- Plan estratéxico de subvencións municipais para o período 2024-2026 (líña de subvención 4.2).

3.- SOLICITANTES E REQUISITOS

Poderán optar ás axudas previstas as entidades deportivas que desenvolvesen actividades de promoción deportiva compatibles co obxecto destas subvencións durante a tempada deportiva subvencionable e que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
2. Ter o seu domicilio social no termo municipal de Sada.
3. Ter como obxecto social un fin relacionado coas materias obxecto destas axudas.
4. Carecer de ánimo de lucro.
5. Ter xustificadas correctamente as axudas concedidas para o mesmo fin na convocatoria anterior.
6. Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello, e nas súas obrigas legais co persoal que preste servizos para as entidades solicitantes.
7. Non estar incursos nas causas de prohibición do art. 13 da Lei 38/2003.

4.- CONDICIÓNS E OBRIGAS

1. Realizar as actividades que fundamenten a concesión da axuda.
2. Xustificar ante o Concello de Sada o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a efectiva realización das actividades e que determinen a concesión da axuda.
3. Someterse ás actuacións de comprobación, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
5. Dar publicidade da subvención prestada polo Concello de Sada mediante a inclusión do logotipo en toda a información (impresa, informática e audiovisual) que se faga das actividades subvencionadas.
6. Se a entidade beneficiaria, polo motivo que sexa, decidira non levar a cabo o proxecto/actividade para a que lle foi concedida a axuda, deberá presentar por rexistro a renuncia expresa á citada axuda. No caso de que xa lles fose realizado algún pago por ese concepto, deberá devolver o importe íntegro recibido, engadindo o xustificante da devolución á comunicación da renuncia.
7. Comunicar ao concello, tan pronto como se coñeza, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administración ou entidades privadas para a mesma finalidade.

Estas axudas serán compatibles coa percepción doutras axudas públicas para a mesma finalidade.

5.- CRITERIO DE BAREMACIÓN E DETERMINACIÓN DAS CONTÍAS

O crédito orzamentario indicado distribuirase en función da puntuación obtida na baremación segundo os criterios establecidos nestas bases, que se puntuarán ata un máximo de 80 puntos:

- 1.- Número de licenzas (Máximo de 30 puntos)*.

Ata 40 licenzas	4 puntos
De 41 a 70 licenzas	10 puntos
De 71 a 100 licenzas	15 puntos
De 101 a 150 licenzas	20 puntos
De 151 a 200 licenzas	25 puntos
Máis de 201 licenzas	30 puntos

* Non se terán en conta as licenzas de día nin de bautismos. Inclúiranse no cómputo as licenzas do persoal técnico deportivo e dos adestradores.

O número de licenzas acreditarase mediante certificado da federación correspondente relativo á tempada subvencionable.

2. Fomento de deporte de base. Licencias de menores de 18 anos (máximo 15 puntos)

Ata 20 licenzas	8 puntos
De 21 a 50 licenzas	10 puntos
De 51 a 90 licenzas	12 puntos
Máis de 91 licenzas	15 puntos

Acreditarase mediante certificado da federación correspondente relativo á tempada subvencionable.

3.- Grao de implantación do Deporte Feminino en dita entidade deportiva (Máximo 5 puntos).

Outorgarase ata 5 puntos en función da maior porcentaxe de licenzas femininas sobre o total.

Menos do 5 %	0 puntos
De 5 a 15 %	1 punto
De 16 a 25 %	2 puntos
De 26 a 50 %	3 puntos
De 51 a 75 %	4 puntos
Máis do 75 %	5 puntos

Acreditarase mediante certificado da federación correspondente relativo á tempada actual.

4.- Deporte Inclusivo: (Máximo 4 puntos).

Outorgarase ata 4 puntos ás solicitudes que presenten maior porcentaxe de licenzas federativas de deporte adaptado sobre o total.

Menos do 1 %	0 puntos
De 1 a 2 %	1 punto
De 2,01 a 3 %	2 puntos
De 3,001 a 4 %	3 puntos
Máis do 4 %	4 puntos

Acreditarase mediante certificado da federación correspondente relativo á tempada subvencionable.

5.- Asentamento no Concello de Sada (número de anos con actividade fundamental desenvolta no termo municipal. (Máximo 8 puntos).

Antigüidade do Club: Comprobarase polo Concello no Rexistro Municipal de asociacións e clubs.

Ata 5 anos	2 puntos
De 6 a 10 anos	4 puntos
De 11 a 15 anos	6 puntos
Máis de 16 anos	8 puntos

6.- Participación da entidade en competicións ou ligas (Máximo 18 puntos).

Deberá presentarse certificación das federacións competentes da participación do club nas ligas e categorías para a tempada.

Competicións, campionatos, copas ou ligas provinciais	2 puntos
Competicións, campionatos, copas ou ligas autonómicas	3 puntos
Competicións, campionatos, copas e ligas ou nacionais	5 puntos
Competicións, campionatos, copas ou ligas internacionais	8 puntos

A puntuación será acumulativa, de tal forma que si a actividade proposta participa en todas as competicións obterá a máxima puntuación (18 puntos).

O importe de axuda que corresponderá a cada beneficiaria dependerá do resultado acadado na aplicación dos criterios de valoración, segundo o seguinte proceso: calcularase o valor de cada punto dividindo o orzamento da convocatoria entre a puntuación total acadada polo conxunto de solicitantes. O importe de axuda que corresponderá a cada entidade determinarase multiplicando o valor de cada punto polos puntos que obtivo o seu proxecto de actividades na baremación.

6. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e terá unha duración máxima de 15 días naturais.

As solicitudes, formularanse no modelo que figura como anexo destas bases e presentaranse unicamente por medios electrónicos a través do formulario de solicitude normalizado da sede electrónica municipal (sede.sada.gal), dentro da familia de procedementos de “Subvencións, axudas e premios”.

Os anexos necesarios para completar a solicitude desta axuda estarán dispoñibles para descarga na páxina web municipal (www.sada.gal), xunto co resto de información relacionada coa convocatoria.

7. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE:

1. Anexo I: Memoria de actividades para a que solicita a subvención.

2. Anexo II, que inclúe:

- Certificado expedido polo Secretario/a da Asociación, acreditativo do acordo adoptado polo órgano polo cal se decide solicitar a subvención.
- Declaración responsable do/a representante da entidade de estar ao corrente das súas obrigas coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social e co Concello, co compromiso de presentar os correspondentes certificados en caso de ser beneficiaria de subvención, así como que está ao corrente das súas obrigas legais co persoal que preste servizos á entidade solicitante, o cal non terá ningunha clase de vínculo nin relación laboral co Concello de Sada.
- Declaración responsable do representante de que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, ni dos supostos de incompatibilidade ou incapacidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas e de aceptación das bases da convocatoria.

- Autorización ou non para que o Concello de Sada consulte coa AEAT e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social para acreditar que a entidade estea ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

No caso de non autorizar esta consulta automática, serán as entidades solicitantes quen terán que presentar os certificados que acrediten o cumprimento das obrigas coa AEAT e coa Seguridade Social, emitidos polos organismos correspondentes.

3. Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias con ATRIGA (Axencia Tributaria de Galicia).
4. Calendario da competición dos equipos da entidade, durante a tempada subvencionable.
5. Certificación expedida pola federación deportiva correspondente, na que se especifique:
 - a. Número de licenzas deportivas en activo, distinguindo por categorías e sexos.
 - b. Equipos en categorías inferiores (deporte base).
 - c. As ligas, competicións e campionatos nos que participou o club na tempada subvencionable.

8. PROCEDEMENTO DE INSTRUCCIÓN

A Concellería de Deportes será o órgano instructor. Désígnase ao persoal da área de cultura, educación, xuventude e deporte adscrito á OMIX para comprobar as solicitudes recibidas e a súa documentación, abrindo os expedientes de solicitude correspondentes.

Se algunha solicitude non reunise os requisitos establecidos requirirase a súa emenda, dando un prazo de 10 días hábiles para facelo. Se non se presenta resposta correcta no dito prazo teráselle por desistido da súa solicitude segundo se regula no artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

As solicitudes recibidas serán baremadas por unha Comisión de Valoración, coa composición que se describe na base reguladora número 13. A Comisión emitirá unha acta co resultado da súa valoración, remitindo a súa proposta ao órgano competente para resolver.

O órgano competente ditará unha resolución provisional, que se notificará ás entidades interesadas. Estas disporán dun prazo de 10 días hábiles para presentar alegacións ou solicitar a reformulación de solicitudes segundo o artigo 27 da Lei 38/2003 do 17 de novembro.

De recibir alegacións ou solicitudes de reformulación, o órgano instructor deberá estudalas e elaborará a proposta de resolución definitiva, que recollerá a relación de solicitantes para os que se propón a subvención e a súa contía, especificando a puntuación dos criterios de valoración seguidos para efectuala. Esta proposta será fiscalizada pola Intervención Municipal antes de que o órgano competente dite a resolución definitiva.

9. PRAZO DA XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS E DA PUBLICIDADE

Unha vez ditada a resolución definitiva, serán notificadas as entidades interesadas e abrirase o prazo para xustificar os gastos, a realización das actividades e o cumprimento da obriga de publicidade.

O prazo de xustificación rematará o 28 de febreiro de 2026.

10. DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS GASTOS:

A xustificación deberá cubrir como mínimo o importe da axuda municipal concedida.

De conformidade co artigo 19 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En consecuencia, no caso de que a entidade beneficiaria obtivese outras subvencións, ingresos públicos ou privados para a mesma finalidade, deberá presentar xustificantes de gasto de importe igual ou superior á suma total das axudas recibidas. En caso contrario, a resolución de concesión poderá modificarse á baixa para evitar que se superen os límites descritos.

O órgano instructor emitirá un informe-proposta sobre a xustificación presentada e remitirá o expediente á Intervención Municipal para a súa fiscalización, previa á aprobación do pago. Se fose necesario, a Intervención Municipal iniciará o expediente de anulación e perda de dereito ao cobro, ou ben o de reintegro no caso de que corresponda.

Deberá presentarse no prazo habilitado a seguinte documentación xustificativa das actuacións solicitadas:

1. Anexo III* Relación clasificada de gastos, asinado e debidamente cuberto.

**As facturas e xustificantes de gasto que non estean incluídos no Anexo III non serán tidas en conta a efectos de xustificación.*

2. Proba gráfica ou ligazóns onde se poida comprobar o cumprimento da obriga de publicidade descrita na base reguladora 4.5 e na base 11.

3. Xustificantes do gasto: as facturas deberán estar emitidas a nome da entidade beneficiaria da axuda e presentaranse seguindo a orde da relación clasificada de gastos e ingresos. As facturas deberán corresponder co período subvencionable e indicarán de xeito claro o concepto facturado.

TIPO DE GASTO:	DOCUMENTOS PARA ACREDITALO:
Servizos e subministracións	Factura, que se acompañará da declaración-liquidación das retencións practicadas e ingresadas a prol da Axencia Tributaria (AEAT), nos casos en que corresponda.
Gastos de persoal propio	Nóminas dos meses correspondentes, boletíns de cotización á Seguridade Social e declaración-liquidación das retencións practicadas e ingresadas á AEAT. No seu caso, finiquitos de liquidación.
Gastos derivados de impartir relatorios ou conferencias	Folla de liquidación cos datos fiscais da persoa receptora e declaración-liquidación acreditativa da retención practicada e do seu ingreso a prol da AEAT.
Indemnizacións por manutención ou gastos de locomoción	Folla de liquidación cos datos fiscais da persoa perceptora, xunto coa descrición detallada do desprazamento realizado e a factura dos gastos en servizos de restauración e aloxamento efectuados pola persoa perceptora.
Alugueiros	Contrato de alugueiro, recibos mensuais de pagamento e declaración-liquidación das retencións practicadas e do seu ingreso a prol da AEAT.

4. Xustificantes de pago: para acreditar o pago dos gastos realizados:

- Por transferencia ou por domiciliación bancaria: xustificante da transferencia realizada, emitido pola entidade financeira.

O xustificante debe identificar:

- o Número de conta na que se carga a transferencia e datos da persoa titular.
- o Datos da persoa ordenante da transferencia.
- o Datos da destinataria do pago, que deberá coincidir con quen emitiu a factura.
- o O importe e a data da operación.
- o A identificación do concepto do gasto pagado.

- Pagamento mediante tarxeta de crédito (límite de gasto máximo de 150€): a mesma xustificación que para o pago en metálico, pero deberase xuntar xustificante do cargo en conta, segundo o indicado no punto anterior.
- Pagamento en metálico (límite de gasto máximo de 150€): factura asinada e selada polo provedor, acompañada do ticket de compra, no seu caso. Alternativamente, documento «recibín» emitido polo provedor, no que consten os datos identificativos da persoa ou entidade que cobra, o selo de empresa, a identificación da factura, o seu importe e a data do pagamento.
- Gastos de mutualidades e federacións deportivas: este tipo de gastos poderá acreditarse por medio de certificados emitidos polas federacións nos que se indiquen os conceptos e as contías pagadas.

5. Forma de presentación: a documentación deberá estar ordenada segundo a orde da relación clasificada de gastos, e cada documento de gasto deberá ir acompañado do documento xustificativo do seu pagamento. De non facelo así, requirirase á entidade para que o subsane.

11. PUBLICIDADE

Unha vez notificada a concesión da subvención, as entidades beneficiarias deberán incorporar a información á súa comunicación pública e dar visibilidade ao financiamento municipal. A publicidade deberá incluír:

- O escudo / logotipo oficial do Concello de Sada en tamaño claramente visible e equiparable ao doutros logotipos empregados pola entidade beneficiaria.
- O texto: "Actividade subvencionada polo Concello de Sada".

A publicidade poderá realizarse nos sitios web e redes sociais da entidade beneficiaria, nos materiais de publicidade e difusión das actividades, xa sexan en medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou dixitais, así como no vestiario e equipamento deportivo empregado.

O incumprimento desta condición poderá supoñer a perda do dereito á subvención e o seu reintegro íntegro, sen prexuízo doutras consecuencias previstas na normativa aplicable.

Este requisito de publicidade deberá acreditarse na fase de xustificación, mediante proba gráfica ou mediante ligazón.

12. GASTOS SUBVENCIONABLES

Esta subvención irá destinada a gasto corrente na organización de actividades deportivas. O período subvencionable será o correspondente á última tempada deportiva, do 1 de setembro de 2024 ao 1 de setembro de 2025, polo que solo serán válidos os gastos realizados e efectivamente pagados dentro dese período.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada, non teñan carácter de investimentos e se realicen na tempada deportiva actual.

Serán subvencionables gastos relacionados coa participación en competicións de carácter oficial, os relacionados cos seguros de responsabilidade civil e accidentes, gastos federativos (inscricións, licenzas e mutualidade), co correspondente certificado federativo, arbitraxes en competicións oficiais, con certificados ou facturas da federación, gastos de recoñcementos médicos, atención médica e fisioterapia, imprenta, serigrafía, trofeos, gastos de mantemento de instalacións (alugueiro, luz, auga, teléfono, consumibles, oficina), transporte*, aloxamento*, combustible*.

**Unicamente para desprazamentos vinculados directamente coa actividade, para o traslado a competicións (deberá acompañarse de descrición detallada do desprazamento realizado e das facturas dos posibles gastos en servizos de restauración e aloxamento, acompañados do calendario oficial de competicións).*

13. COMISIÓN DE VALORACIÓN

A concesión das subvencións realizarase, en réxime de concorrencia competitiva.

A Comisión Avaliadora puntuará as solicitudes presentadas que serán recollidas nun acta, e levará a proposta obtida ao Alcalde para ditar resolución, que incluírá as puntuacións outorgadas, as actividades subvencionadas e o importe económico da subvención concedida a cada entidade.

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: Técnico/a de deporte ou, no seu defecto, a Técnica en animación sociocultural.
- Vogais: persoal da área de cultura, educación, xuventude e deporte, a técnica de rendas e exaccións, ou ben outro persoal alternativo designado pola Intervención Municipal.
- Na comisión actuará como secretario/a, o funcionario/a que designe a Alcaldía.

14. PAGAMENTO

Unha vez fiscalizada a xustificación, a Alcaldía ditará decreto de resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro.

Coa resolución de pagamento, a Tesourería Municipal executará a transferencia ás contas bancarias das persoas ou entidades beneficiarias.

Non poderá realizarse o pago da subvención se a persoa ou entidade non están ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. En caso de incumprimento deste requisito nesta fase, o pago quedará suspendido ata que a beneficiaria presente certificado positivo.

Anexo I

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Licenzas e competicións na actual tempada (acreditar mediante certificación expedida pola Federación):	
Nº de licenzas en activo	
Nº de licenzas menores de 18 anos	
Número de licenzas femininas	
Número de licenzas de persoas con diversidade funcional	
Antigüidade do club (en anos)	
Nº de competicións/ligas provinciais	
Nº de competicións/ligas autonómicas	
Nº de competicións/ligas nacionais	
Nº de competicións/ligas internacionais	

Descrición de actividade para a que solicita a subvención - Cubrir una táboa por cada actividade	
1.	ACTIVIDADE:
2.	DESCRICIÓN:

ANEXO II

SUBVENCIONES ENTIDADES DEPORTIVAS

CERTIFICADO DA SECRETARÍA DA ENTIDADE DO ACORDO DE SOLICITUDE DA AXUDA

D/Dª , con NIF , como secretaria/o da entidade (nome da asociación),

CERTIFICO

Que na reunión da Xunta Directiva desta entidade, que tivo lugar na data do ____/____/____ acordouse, entre outros asuntos, o seguinte:

- Solicitar ao Concello de Sada unha subvención para o financiamento dos proxectos e actividades que esta entidade realizou no ano en curso, adquirindo o compromiso de cumprir as condicións da convocatoria.

- Designar a _____ con DNI _____ en calidade de _____ da entidade, para xestionar e tramitar a solicitude telemática ante o Concello de Sada e actuar como representante autorizada/o da asociación neste procedemento.

Ademais, DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade que represento:

- Comunicará ao Concello de Sada a concesión de calquera outra axuda percibida polo proxecto presentado a esta convocatoria.

- Non ten pendente de xustificación fóra de prazo ningunha outra subvención co Concello de Sada.

- Non incorre en ningunha causa das contempladas pola Lei 38/2003, xeral de subvencións, que impida a súa condición de beneficiaria.

- Atópase ao corrente de pago das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, a Facenda Autonómica, coa Seguridade Social e co Concello de Sada.

Autorizo ao Concello de Sada para a consulta do cumprimento das obrigas con:

AEAT	SI	NON
Seguridade Social	SI	NON

Sada, na data da sinatura dixital

Secretaria/o da entidade solicitante,

Nome Apelido Apelido

ANEXO III

Relación clasificada de gastos - Memoria económica

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE					
RAZÓN SOCIAL:				NIF:	
PERSOA REPRESENTANTE					
NOME E APELIDOS:				DNI:	
RELACIÓN DE FACTURAS:					
Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	EMPRESA E CIF	IMPORTE	DATA DE PAGAMENTO	FORMA DE PAGO
			-€		
			-€		
			-€		
			-€		
			-€		
			-€		
			-€		
			-€		
			-€		

IMPORTE TOTAL:

Sada, na data da sinatura dixital

Presidenta/e da entidade solicitante,

Sada, a 11 de novembro de 2025

O Alcalde,

Óscar Benito Portela Fernández